Madride
6 · 4 · 1953

Sr. D. César Alvajar.
París.

Meu querido amigo: Estóu tan cativo de saude que tiven que valerme dos irmáns no meu degaro de dar cumprimento ás suas indicacións, xa que tampouco teño máquina de esquirbir para copear as composicións. Dirixíme a un dos feixes máis grando e san de loitadores pol-a terra, — o compostelán, — e mandolle a contesta que recibín. De socato, tornéi a lles esquirbir co-a sua direución e pregándolles lle manden axiña libros, revistas e nota dos traballos que estimen máis doados pra o seu chorio que ergui e ouxeto das mais ferventes louvanzas.

Con todo, en canto me deian unhas copeas que mandéi faguer, eu tamén lle mandaréi direutamente composicións de valores novos e algunha miña inédita por si fai ó caso.

Anque o réxime nos mira con malos ollos e non

nó estamos orfos de toda protección sinón perseguidos literaria e idiomaticamente, temos unha xuventude animosa, enfervorizada, estudiosa e namorada da Terra que é todo o noso consolo n-estas horas tristes.

Lembranzas de todos.

Ordée con toda libertade a seu bo e vello amigo

Ramón Cabanillas

A súa casa:

Victoria, 1, 3º.
Hotel Veracruz.